

Recordatorio de deberes legais á ATRIGA que a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito e debe tramitar con dilixencia os asuntos evitando dilacións que prexudiquen ao administrado

Expediente: L.4.Q/15974/23

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2024

Sra. directora:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D. XXX con DNI XXX.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que:

El día 21 de febrero de 2022 presenté ante la "DELEGACION DA AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA DE OURENSE" solicitud de rectificación del Impuesto sobre Transmisiones Patrimoniales y Actos Jurídicos Documentados liquidado el 04 de febrero de 2022 por una escritura de división horizontal., con el número de expediente 1619/2022. La solicitud de rectificación se hizo por mi y por mis hermanos. La solicitud viene dada por un error en la base imponible. Mi queja va referida a que han pasado 21 meses sin haber obtenido respuesta por parte de esa administración.

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que xa nolo remitiu expoñendo, esencialmente, o seguinte:

1.- Reitera o histórico do expediente ao que fai referencia o interesado

2.- Nos artigos 126 e seguintes do Real Decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos regula o procedemento de rectificación das autoliquidacións. No artigo 128.3 sinalase que o prazo máximo para resolver dito procedemento é de seis meses. Que superado ese prazo entenderase como desestimado.

3.- Que no artigo 103 da Lei Xeral Tributaria establécese que, en todo caso, a administración está obrigada a resolver expresamente os procedementos, así como a notificar dita resolución. Así mesmo, o artigo 32.2 da mesma norma indica que no caso de que a rectificación orixine a devolución dun ingreso, a administración tributaria aboará os xuros de demora correspondentes sen que o obrigado tributario teña que solicitalos. Os xuros calcúlanse desde a data na que se produciu o ingreso indebido ata a data na que se ordena o pago da devolución.

4.- Que a delegación de Ourense iniciou un procedemento de comprobación que incide na obriga tributaria, polo que baixo o principio de eficiencia administrativa e para asegurar o ingreso público o procedemento de rectificación se resolverá unha vez rematada a comprobación, próxima á súa finalización.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRO. As autoliquidacións son unha clase especial de declaracións, nas que os obrigados tributarios, ademais de comunicar á Administración os datos necesarios para liquidar o tributo e outros de carácter informativo, realizan por si mesmos as operacións de cualificación e cuantificación necesarias para determinar o importe da débeda tributaria a ingresar ou, no seu caso, a cantidade que resulta a devolver ou a compensar (artigo 120.1 da LXT). O obrigado tributario pode solicitar a rectificación das súas autoliquidacións, só no caso de que o erro cometido vaia en contra dos intereses do propio obrigado tributario

A queixa trae causa do retraso na resolución do procedemento de rectificación solicitado polo interesado en febreiro do ano 2022, é dicir, hai dous anos, tras decatarse de que tiña cometido un erro á hora de abonar o ITP. A Administración non nega dito retraso, lembra que superados os seis meses se podería entender desestimada dita solicitude aínda que ao mesmo tempo recoñece a obriga de resolver expresamente e a obriga legal de abonar os xuros correspondentes caso de estimarse a rectificación.

SEGUNDO. Como xa se indicou, a Administración non nega o retraso e mesmo sinala que non se acometerá a resolución do procedemento ata rematar un trámite anterior. A este respecto cómpre lembrar que o interesado abonou, o día 4 de febreiro de 2022, a cantidade de 984,18 € correspondente ao ITP, solicitando o día 21 dese mesmo mes a devolución da diferenza entre o ingresado e os 383,80 € que, segundo indica, serían a cantidade correcta. É dicir, solicita unha devolución de algo máis de seiscentos euros, cantidade que para a Administración pode resultar pequena pero non o é para unha economía media.

Expón a ATRIGA que, caso de ser estimada a súa solicitude, se abonarían os xuros correspondentes máis, con todo, alongar a devolución máis de dous anos supón que o contribuínte teña que asumir, co seu propio patrimonio, os desaxustes da Administración. Certo é que, entre os dereitos das persoas contribuíntes e os do Estado, a norma prioriza a este último para garantir os ingresos públicos, pero non debe significar que o cidadán estea obrigado a soportar os retrasos da Administración mesmo sen saber con certeza se a súa solicitude vai prosperar ou non. Os prazos obrigan á persoa contribuínte pero tamén á administración tributaria que debe cumprir e dar exemplo.

As administracións públicas deben servir con obxectividade aos intereses xerais, atendendo aos principios emanados do artigo 103.1 da Constitución Española entre os que se atopa a eficacia. O propio Tribunal Supremo, na sentenza de 17 de abril de 2017, sinalaba que “(..) éralle esixible á Administración unha conduta o suficientemente dilixente como para evitar definitivamente as posibles disfuncións derivadas da súa actuación, por así esixilo o principio de boa administración que non se detén na mera observancia estrita de procedemento e trámites, senón que máis aló reclama a plena efectividade de garantías e dereitos recoñecidos legal e constitucionalmente ao contribuínte (..)”.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Administración o seguinte **recordatorio de deberes legais:**

A Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito e debe tramitar con dilixencia os asuntos evitando dilacións que prexudiquen ao administrado

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da

aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo